



---

---

# I PLAN DE IGUALDADE - CONCELLO DE FOZ

*(2009-2012)*



**Concello de Foz**



# I PLAN DE IGUALDADE - CONCELLO DE FOZ

*(2009-2012)*

Un Plan de Igualdade é un instrumento de traballo no que se establecen unhas liñas de acción encamiñadas á romper coas situacións de desigualdade entre homes e mulleres nos diferentes ámbitos da vida social.

Son moitas as loitas encamiñadas a este obxectivo e a nosa lexislación impón unha igualdade formal entre mulleres e homes. Non nos deteremos a enumerar aquí os Tratados e diferentes leis neste ámbito, posto que non é este a nosa finalidade.

Aínda que podemos, consecuentemente, falar da existencia dunha igualdade formal entre homes e mulleres, e que a situación das mulleres ten evolucionado, non podemos mentir afirmando que esta igualdade é real. Moitas mulleres sofren discriminación tan só polo feito de ser mulleres, no acceso e condicións de traballo, na imaxe pública, no reparto das tarefas domésticas, no participación en postos de responsabilidade, ...

Para loitar por unha igualdade real e efectiva entre as mulleres e homes de Foz, creamos o I Plan de Igualdade do Concello de Foz.

Este Plan responde ás necesidades detectadas dentro do contexto social do noso municipio, tendo como base o concepto do mainstreaming, é dicir, a estratexia transversal.

O principio de transversalidade ou mainstreaming (termo acuñado na IV Conferencia sobre Muller celebrada en 1995 en Beijing, e posteriormente levado ao marco xurídico europeo polo Tratado de Amsterdam e ratificado por España en 1999), supón a incorporación da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes en todas as políticas, programas e proxectos, non só nas dirixidas directamente á promoción da Igualdade de Oportunidade, e incluíndoa como perspectiva en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas.

Polo tanto, no I Plan de Igualdade do Concello de Foz incorporaremos a Igualdade de Oportunidades en todas as políticas, estratexias, actuacións, ... aínda que non estean



relacionadas directamente con ela, para acadar un pleno desenvolvemento social e persoal das mulleres.

O obxectivo desta estratexia transversal é a de promover a integración da Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres en todas as políticas e accións dentro do Concello de Foz. Así como coordinar as institucións e axentes sociais, desenvolvendo métodos e estratexias encamiñadas a integrar a Igualdade de Oportunidades en todos os campos de acción do Concello.

Así, o I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Foz desenvolverase a través de 6 áreas:

- Sensibilización e Promoción Municipal da Igualdade
- Participación Social e Asociacionismo
- Educación, Cultura e Xuventude
- Benestar Social, Saúde e Deporte
- Formación e Emprego
- Violencia de xénero

Debido á ambición deste Plan é necesario imprimir todos os esforzos dos grupos políticos e axentes sociais do municipio.

Así mesmo, a súa temporalización debe poder contar cunhas etapas axeitadas que permitan un crecemento e unha maduración adaptada ás necesidades do noso municipio. É por isto, que o seu período de acción se sitúa entre os anos 2009 a 2012.

Non debemos esquecer que as accións se propostas para a consecución dos obxectivos marcados deben ter unha avaliación constante entre os axentes implicados, que será crucial para a elaboración do II Plan de Igualdade.

A implicación de diferentes concellerías e colectivos é fundamental para levar a cabo un Plan de garantías, que enriqueza as actuacións e dote ao Plan dun maior peso e calado entre a poboación.

O I Plan de Igualdade de Foz non nace como un texto de referencia, senón como unha folla de ruta para a consecución real e efectiva da igualdade entre homes e mulleres no noso contexto social.

Ao longo dos últimos anos as administracións e organización veñen realizando diferentes accións a favor da igualdade entre homes e mulleres, pero é necesaria a



coordinación entre estas e que se encamiñen a obxectivos concretos. A avaliación continua das mesmas, enmarcadas nun marco teórico, permitirannos coñecer se o camiño marcado é o correcto e como debemos enfocar futuras accións.

O éxito deste Plan pasa polo esforzo común de colectivos, grupos políticos, departamentos, ... que serán os que mellorarán o texto principal e darán vida ás accións.



# ÁREAS DE INTERVENCIÓN





## SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN MUNICIPAL DA IGUALDADE

---

### • OBXECTIVOS:

- ⊗ Consolidar unha estrutura municipal en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- ⊗ Promover e integrar de xeito transversal a perspectiva de igualdade entre homes e mulleres.
- ⊗ Fomentar a participación das mulleres na vida política municipal.
- ⊗ Sensibilizar e concienciar á poboación xeral sobre a necesidade da igualdade real.
- ⊗ Facer visible a contribución das mulleres nos diferentes ámbitos da vida.

### • ACTUACIÓNS:

- ⊗ Difundir o I Plan de Igualdade entre os diferentes departamentos do Concello, grupos políticos, asociacións, centros educativos, bibliotecas, ... Utilizando tamén a web oficial do Concello para colgar as accións do Plan e o seu estado de execución.
- ⊗ Sensibilizar ás diferentes áreas do Concello para a consecución dos obxectivos do Plan de Igualdade.
- ⊗ Analizar os documentos municipais (ordenanzas, instancias,...) e corrixir a posible linguaxe sexista neles.
- ⊗ Elaborar unha guía de estilo con recomendacións para eliminar ou non caer na terminoloxía sexista de todo o material publicado desde os diferentes departamentos do Concello, así como na emisora de radio municipal e na web oficial.
- ⊗ Realizar campañas de sensibilización sobre a necesidade de todos/as contribuír á igualdade de oportunidades, a través de publicacións, da emisora de radio municipal e da web oficial.
- ⊗ Crear un Consello Local da Igualdade, que xestione e avalíe o I Plan de Igualdade, así como impulse actuacións en materia de igualdade.



- © Celebrar datas conmemorativas a nivel institucional, 8 de marzo como Día Internacional da Muller e 25 de novembro como Día Internacional contra a Violencia cara as mulleres, con actividades dirixidas a toda a poboación.
- © Identificar novas rúas, parques, prazas e edificios administrativos con nomes de mulleres.
- © Crear unha Comisión da Publicidade, dentro do Consello Local da Igualdade, para o estudo da publicidade sexista.

**Organismos responsables:**

Concello  
Asociacións  
Centros educativos  
Emisora de radio municipal  
Web oficial do Concello de Foz



## PARTICIPACIÓN SOCIAL E ASOCIACIONISMO

---

### • **OBXECTIVOS:**

- ⊗ Promover a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida pública.
- ⊗ Apoiar e fortalecer o movemento asociativo de mulleres.
- ⊗ Fomentar o acceso das mulleres a postos de responsabilidade e representatividade en agrupacións políticas, sindicais, asociacións,...
- ⊗ Potenciar un modelo de actuación na vida política e social novo, adaptado ás circunstancias de homes e mulleres e afastado do estereotipo masculino tradicional.

### • **ACTUACIÓNS:**

- ⊗ Coordinar desde a Concellería da Muller a dinamización das asociacións de mulleres existentes, a través de programacións conxuntas.
- ⊗ Fomentar o asociacionismo entre as nais e pais con nenos/as menores de idade.
- ⊗ Impulsar ás mulleres a participar nas asociacións veciñais, culturais, deportivas,... e ocupar postos de responsabilidade.
- ⊗ Realizar cursos de habilidades sociais e directivas para mulleres, encamiñadas á participación representativa en colectivos,...
- ⊗ Elaborar un estudo minucioso sobre os horarios, necesidades,... das mulleres e homes de Foz para adaptar as accións políticas, sociais,... a elas e eles.
- ⊗ Organizar encontros con mulleres doutros municipios, tanto a nivel presencial como a través de videoconferencias no Telecentro da Casa da Xuventude.
- ⊗ Realizar cursos de formación que rompan os estereotipos tradicionais de homes e mulleres, como cursos de cociña para homes ou edición de vídeo para mulleres.
- ⊗ Elaborar e asinar entre as asociacións do municipio unha declaración de principios na que se comprometan a aplicar nas súas actividades uns criterios mínimos en igualdade de oportunidades, o que servirá como sensibilización da cidadanía.
- ⊗ Apoio ás asociacións de mulleres á súa xestión, tramitación de axudas,...



**Organismos responsables:**

Concellería da Muller

Consello Local da Igualdade

Asociacións

Grupos políticos



## EDUCACIÓN, CULTURA E XUVENTUDE

---

### • **OBXECTIVOS:**

- ⊗ Promover a participación das mulleres e homes en actividades culturais e educativas.
- ⊗ Difundir e potenciar a achega das mulleres á cultura.
- ⊗ Sensibilizar á comunidade educativa da importancia da coeducación como ferramenta contra a discriminación.
- ⊗ Implicar ás familias nunha educación de nenos e nenas desde a igualdade.
- ⊗ Ofrecer modelos positivos de mulleres no ámbito público.
- ⊗ Facer visible ás mulleres na historia e na linguaxe educativa.
- ⊗ Sensibilizar á mocidade na igualdade.

### • **ACTUACIÓNS:**

- ⊗ Crear unha Comisión de Educación no Consello Local da Igualdade, con representación da dirección e ANPAS dos centros educativos do municipio.
- ⊗ Formar aos/ás titores/as dos centros educativos en materia de igualdade, aportándolles material didáctico para a súa utilización en titorías.
- ⊗ Analizar a linguaxe sexista utilizada nos centros educativos (sinalización, material didáctico,...) e substituíla por unha linguaxe que faga visibles tanto a homes como a mulleres.
- ⊗ Fomentar a libre elección de formación superior nunha profesión ou en estudos de maior grao tradicionalmente masculinizados/feminizados.
- ⊗ Reflexionar cos claustros dos centros educativos sobre o tratamento das mulleres na historia, para facelas visibles ao longo dela.
- ⊗ Realizar obradoiros dirixidos á mocidade, nos que se traballe os roles en función de xénero.
- ⊗ Introducir xogos en valores de igualdade, intercambio de roles,... nas actividades lúdicas dirixidas a nenos e nenas.



- ⊗ Facer visible o papel das mulleres na historia local do noso municipio, a través de charlas e obradoiros, coordinados polo Cronista Oficial.
- ⊗ Levar a cabo actividades de sensibilización (charlas, material audiovisual,...) con mulleres que acadaran éxito profesional, destacadas na sociedade en diferentes ámbitos (periodistas, deportistas, políticas,...) como modelos positivos.
- ⊗ Analizar o uso sexista da figura do home e da muller na publicidade, medios de comunicación e videoxogos, a través de obradoiros nos centros educativos, coordinados pola Comisión de Publicidade.
- ⊗ Desenvolver programas de prevención de comportamentos violentos nos mozos e mozas en idade escolar.
- ⊗ Analizar os horarios máis axeitados para que homes e mulleres participen en actividades culturais, facéndoas coincidir con outras actividades dirixidas a nenas e nenos.
- ⊗ Impulsar actividades xuvenís que axuden a romper os estereotipos de xénero.
- ⊗ Potenciar que pais e nais compartan cos seus fillos e fillas actividades de ocio.
- ⊗ Crear na Biblioteca Pública Municipal “Salgado Toimil” un fondo bibliográfico especializado en temas de xénero e igualdade, así como a adquisición de obras de escritoras destacadas.
- ⊗ Promover a presenza cultural das mulleres a través de concursos, publicacións, exposicións,...
- ⊗ Introducir a figura da muller na historia local na información e itinerarios turísticos.

#### **Organismos responsables:**

Concellería da Muller  
Concellería de Educación  
Concellería de Cultura  
Concellería de Xuventude  
Centros educativos  
Consello Local da Igualdade  
Biblioteca Pública Municipal “Salgado Toimil”



## BENESTAR SOCIAL, SAÚDE E DEPORTE

---

### • **OBXECTIVOS:**

- ⊗ Fomentar prácticas e hábitos que beneficien a saúde de homes e mulleres.
- ⊗ Garantir ás mulleres o acceso aos recursos sociais do Concello e da comarca.
- ⊗ Favorecer a mellora da saúde das mulleres e a súa prevención, atendendo ás súas necesidades específicas.
- ⊗ Impulsar prácticas deportivas que rompan os roles estereotipados.
- ⊗ Promover accións encamiñadas a unha sexualidade saudable.
- ⊗ Fomentar a práctica deportiva entre as nenas, incidindo naqueles deportes con menor representación feminina.
- ⊗ Atender ás necesidades específicas de mulleres inmigrantes, ofrecendo respostas axeitadas a elas

### • **ACTUACIÓNS:**

- ⊗ Levar a cabo cursos de autonomía para homes xubilados e homes de mediana idade que aumenten o seu grao de independencia.
- ⊗ Fomentar a práctica deportiva para homes e mulleres máis alá dos 30 anos, involucrando aos clubs deportivos do municipio.
- ⊗ Difundir as axudas periódicas dirixidas a colectivos con risco de exclusión social, así como ás mulleres que viven soas, con cargas familiares, con escasos recursos familiares.
- ⊗ Realizar obradoiros para a prevención de enfermidades de transmisión sexual e embarazos non desexados entre os/as adolescentes, rompendo cos estereotipos de xénero.
- ⊗ Fomentar a práctica de deportes tradicionalmente masculinos/femininos entre nenos e nenas, involucrando aos pais e ás nais.
- ⊗ Incluír na oferta deportiva municipal existente, actividades para mulleres que se atopan en situacións de parto, posparto e menopausia.
- ⊗ Levar a cabo cursos de primeiros auxilios no fogar para homes e mulleres.



- ⊗ Coordinar a oferta de actividades deportivas dirixidas a nenos e nenas e as dirixidas á poboación en xeral, para así poder participar os pais e nais.
- ⊗ Elaborar campañas de sensibilización nas que as protagonistas sexan mulleres inmigrantes, que sirvan tanto de modelo para outras mulleres inmigrantes, como para romper estereotipos e prexuízos entre a poboación en xeral.
- ⊗ Realizar actividades impartidas por persoas inmigrantes, dando a coñecer o valor das súas culturas (curso de cociña, curso de bailes tradicionais,...)
- ⊗ Fomentar o intercambio cultural entre as persoas inmigrantes e as veciñas e veciños de Foz, a través da organización de actividades conxuntas.
- ⊗ Potenciar o asociacionismo entre as persoas inmigrantes.
- ⊗ Impulsar e apoiar a posta en marcha de servizos de atención a menores (servizos de canguros,...)
- ⊗ Realizar charlas e obradoiros sobre temas como: anorexia, bulimia, cancro de mama e cérvix, planificación familiar, enfermidades crónicas (osteoporose, hipertensión, fibromialxia,...) nas diferentes parroquias do municipio.
- ⊗ Realizar obradoiros de orientación nutricional incidido sobre todo en pais e nais (centros educativos), mozos e mozas e 3ª idade.
- ⊗ Impulsar as actividades de prevención de drogodependencias a través de charlas nos centros educativos de Secundaria e dirixidas e pais e nais.
- ⊗ Programar actividades deportivas desde as Escolas Deportivas Municipais, nas que pais e nais compartan cos seus fillos e fillas xogos tradicionais e actuais.
- ⊗ Impulsar desde as Escolas Deportivas Municipais, a actividade deportiva feminina, incidindo naquelas actividades que contan con menor participación de nenas.

#### **Organismos responsables:**

Concellería da Muller  
Concellería de Deportes  
Concellería de Servizos Sociais  
Concellería de Sanidade  
Consello Local da Igualdade



## FORMACIÓN E EMPREGO

---

### • **OBXECTIVOS:**

- ⊗ Favorecer a formación laboral das mulleres.
- ⊗ Promover programas de información e orientación laboral.
- ⊗ Eliminar estereotipos sobre o acceso e promoción das mulleres no mercado laboral.
- ⊗ Potenciar a incorporación das mulleres do municipio ao mercado laboral por conta propia.

### • **ACTUACIÓNS:**

- ⊗ Realizar un estudo detallado dos nichos de emprego no Concello de Foz e na comarca da Mariña.
- ⊗ Elaborar un plan de formación adaptado ás necesidades de mercado detectadas no estudo dos nichos de emprego.
- ⊗ Adaptar os cursos de formación aos horarios de mulleres e homes en situación de desemprego.
- ⊗ Priorizar a participación das mulleres en situación de desemprego nas accións formativas que se realicen no municipio (dando prioridade a aquelas con menores recursos económicos, cargas familiares, vítimas de violencia de xénero,...)
- ⊗ Ofrecer obradoiros formativos de autoemprego encamiñados a coñecer todos os aspectos para comezar un traballo por conta propia.
- ⊗ Incluír o asesoramento á creación de empresas e potenciar a contratación de mulleres nas empresas existentes e de nova creación.
- ⊗ Elaborar unha guía de asesoramento para divulgar os dereitos laborais, permisos,... co obxectivo de que todas as persoas empregadas coñezan os seus dereitos laborais.
- ⊗ Publicar información sobre a necesidade de denunciar o acoso no traballo e a economía mergullada.
- ⊗ Desenvolver cursos de alfabetización para as mulleres e homes inmigrantes.



- © Dar a coñecer a existencia do servizo e asesoramento á creación de empresas (Axencia de Desenvolvemento Local).
- © Realizar campañas publicitarias nas que se faga visible o autoemprego, protagonizadas por empresarias e/ ou autónomas do Concello de Foz.
- © Ofrecer o achegamento ás novas tecnoloxías como adaptación ás necesidades do mercado laboral, tanto para acceder a el, como para reciclarse.
- © Potenciar a extensión das actividades extraescolares para mellorar a conciliación laboral e familiar.
- © Impulsar a creación de empresas destinadas á conciliación da vida laboral e familiar.
- © Potenciar a formación on line para as persoas con máis dificultades horarias.

**Organismos responsables:**

Concellería da Muller  
Concellería de Emprego  
Consello Local da Igualdade



## VIOLENCIA DE XÉNERO

---

### • **OBXECTIVOS:**

- ⊗ Impulsar campañas de información, sensibilización e prevención sobre a grave problemática da violencia de xénero.
- ⊗ Coordinar as actuacións dos axentes sociais que interveñen nos casos de violencia de xénero.
- ⊗ Mellorar a atención que se presta ás vítimas de malos tratos.
- ⊗ Dar a coñecer os recursos cos que contan as vítimas de violencia de xénero.
- ⊗ Aportar mecanismos de seguridade para as mulleres que sofren malos tratos para que os denuncien.

### • **ACTUACIÓNS:**

- ⊗ Realizar campañas de sensibilización dirixidas á poboación en xeral, sobre a realidade e as causas da violencia de xénero.
- ⊗ Elaborar unha guía de recursos e información para a poboación en xeral, na que queden clarificados os pasos a seguir tras unha denuncia de malos tratos.
- ⊗ Levar a cabo obradoiros de habilidades sociais, resolución de conflitos, introducindo a problemática da violencia de xénero, entre os/as adolescentes.
- ⊗ Elaborar un protocolo de actuación conxunto entre os axentes sociais implicados (servizos sociais, policía local,...) para dar unha resposta rápida no caso de detección de malos tratos.
- ⊗ Detectar lugares que poden favorecer delitos de natureza sexual en espazos públicos, e incrementar o alumeado público e a vixilancia policial.
- ⊗ Realizar obradoiros de autodefensa, tanto para mulleres como para mozas.



**Organismos responsables:**

Concellería da Muller

Concellería de Servizos Sociais

Policía Local

Consello Local da Igualdade



# SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN





Para acadar uns resultados óptimos neste Plan de Igualdade, débese levar a cabo un seguimento das accións reflectidas no mesmo. O órgano encargado de levar a cabo este seguimento será o Consello Local da Igualdade. Co transcurso das accións terase un coñecemento máis profundo de cada da progresión en cada área, e poderemos coñecer mellor as accións que teñen máis efecto e as que se deben reforzar ou adaptar.

Ao remate de cada ano elaborárase unha memoria de avaliación do PIOM, servindo como avaliación inicial para o seguinte ano. Tendo en conta os aspectos positivos e negativos do ano anterior, perfilarase unha estratexia de actuación dentro do Plan, sempre tendo como marco este PIOM que se presenta.

As metodoloxías que se utilizarán para a avaliación do PIOM serán tanto cuantitativas como cualitativas. Por un lado, rexistrárase a participación nas diferentes accións que teñan un punto de inicio e un punto de remate e, por outro, levaranse a cabo entrevistas con diferentes axentes sociais e participantes para coñecer o grao de satisfacción, mellora, sensibilización,...

Ao remate da vixencia deste Plan elaborárase unha memoria final, na que estarán reflectidas tamén as memorias anuais. Dita memoria servirá como avaliación inicial para o II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Foz.

O Alcalde-Presidente do Concello de Foz  
José María García Rivera  
20-02-2009



# CONSELLO LOCAL DA IGUALDADE





# REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO DA IGUALDADE DO CONCELLO DE FOZ

---

## **CAPÍTULO I**

### Natureza e marco lexislativo

#### **Artigo 1. Natureza**

O Consello Local da Igualdade é un órgano consultivo, asesor, de participación e seguimento que ten como obxectivo principal incentivar a participación social na loita pola igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nos diferentes ámbitos. Así como promover esta igualdade a través de iniciativas e velar polas condicións que a possibiliten.

#### **Artigo 2. Marco lexislativo**

Ten o seu fundamento legal no artigo 69 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

#### **Artigo 3. Ámbito**

O ámbito de actuación do Consello Local da Igualdade é o Concello de Foz.

## **CAPÍTULO II**

### Funcións

#### **Artigo 4. Funcións do Consello**

##### **Artigo 4.1**

Son funcións do Consello Local da Igualdade:

- Analizar e diagnosticar situacións que están motivadas pola discriminación por razón de sexo, proponendo medidas de actuación que revertan ditas situacións.



- Impulsar medidas e programas de actuación orientadas a tratar de garantir a igualdade no ámbito local.
- Fomentar a participación social das mulleres do Concello de Foz.
- Promover a colaboración, cooperación e implicación das asociacións en materia de igualdade
- Crear cantas Comisións se consideren para acadar unha igualdade real entre homes e mulleres.
- Denunciar situacións de discriminación por razón de sexo.
- Levar a cabo o seguimento e avaliación dos Plans de Igualdade e asesoramento da elaboración dos mesmos.
- Calquera outra función en beneficio da igualdade que por unanimidade decida o propio Consello, por propia iniciativa ou a proposta doutros/as.

#### **Artigo 4.2**

As funcións do Consello Local da Igualdade se exercerán a través da emisión de ditames, informes ou peticións aos órganos de goberno municipais ou de calquera outro carácter público ou privado, e nunca serán vinculantes para os mesmos.

### **CAPÍTULO III** **Órganos do Consello**

#### **Artigo 5. Órganos do Consello**

##### **Artigo 5.1**

O Consello Local da Igualdade contará cos seguintes órganos:

- Pleno do Consello
- Presidencia
- Secretaría



## **Artigo 5.2**

Poderá acordarse por iniciativa da Presidencia ou da maioría dos membros do Pleno, a constitución de calquera outro órgano ou, no seu caso, Comisións de traballo, que terán como función asesorar ao Pleno sobre asuntos expresamente sometidos.

## **CAPÍTULO IV**

### **Composición do Pleno do Consello e funcións**

## **Artigo 6. Composición do Pleno**

### **Artigo 6.1**

O Consello Local da Igualdade estará composto por:

- Presidente/a: Alcalde/esa do Concello de Foz, ou persoa na que delegue, pertencente á corporación municipal.
  
- Vogais:
  - ✓ Unha persoa por cada un dos grupos políticos con representación na corporación local.
  - ✓ Unha representante por cada unha das asociacións de mulleres do municipio.
  - ✓ Asesor/a en materia de igualdade no Concello de Foz.
  - ✓ Educadora Familiar do Concello de Foz.
  - ✓ Unha persoa representante das asociacións de veciños do municipio.
  - ✓ Unha persoa representante do ámbito educativo (ANPAS, dirección centros educativos,...)
  
- Secretario/a: Secretario/a do Concello de Foz ou persoa na que delegue. Terá voz, pero non voto.



Poderán asistir ás reunións do Pleno do Consello a proposta de calquera membro e previa autorización da Presidencia, persoas a título individual ou entidades que se consideren axeitadas por razón da súa competencia, en función das materias que vaian a tratarse na orde do día. Estas persoas intervirán con voz, pero sen voto.

## **Artigo 6.2**

Os membros do Consello renovaranse totalmente cada dous anos, e poderán ser reelixidos ao rematar este período.

Sen prexuízo do anterior, perderase a condición de membro do Consello por calquera das seguintes causas:

- Disolución da asociación á que representa
- Vontade propia
- Falta de asistencia ao Pleno durante tres sesións consecutivas sen causa xustificada
- Levar a cabo condutas ou actividades contrarias aos principios e obxectivos do Consello, apreciadas pola maioría do Pleno
- Por finalización do mandato da Corporación, para os membros de representación política
- Por reiterado incumprimento do presente Regulamento, dos acordos dos órganos de goberno e/ou perturbación grave do funcionamento do Consello

Dita perda será acordada polo Pleno tras dar audiencia á asociación ou persoa, que non impedirá a súa reincorporación, unha vez desaparecidas as causas que a motivaron.

## **Artigo 7. Presidencia**

O/a Presidente/a do Consello Local da Igualdade ostenta a máxima representación do mesmo e responde ante o Pleno.



As súas atribucións serán:

- Dirixir a actividade do Consello e convocar o Pleno.
- Elaborar, conxuntamente coa Secretaría, a Orde do Día das sesións, garantindo a inclusión na mesma das propostas dos membros do Pleno, sempre e cando se presenten coa suficiente antelación.
- Exercer de moderador no transcurso das reunións do Consello.
- Elevar aos órganos competentes os acordos e propostas que se adopten no Consello.
- Realizar, a proposta dos membros do Pleno, os nomeamentos e ceses dos membros do Consello.
- Propor a constitución de Comisións de Traballo.
- Calquera outra que lle encomende o Pleno do Consello.

## **Artigo 8. Secretaría**

Correspóndelle á persoa que ostente o cargo de Secretario/a:

- Efectuar a convocatoria das sesións do Consello, por orde da Presidencia, así como as citacións dos membros do mesmo.
- Dar fe dos acordos adoptados polo Consello, levantando acta das sesións e expedindo as certificacións oportunas.
- Calquera outra que lle encomende o Consello

## **Artigo 9. Comisións de Traballo**

### **Artigo 9.1**

As Comisións de Traballo crearanse a proposta do Pleno do Consello, e requirirá a súa aprobación pola maioría do mesmo.



Se crearán en función de temas de especial relevancia para as mulleres, así como da súa incidencia.

### **Artigo 9.2**

As funcións das Comisións de Traballo serán:

- Estudar e investigar temas de relevancia para a igualdade.
- Elevar informes dos diferentes estudos e accións, así como as súas conclusións ao Pleno do Consello.
- Realizar propostas nos diferentes ámbitos ás que se asocian ao Pleno do Consello.

## **CAPÍTULO V**

### **Funcionamento**

### **Artigo 10.**

- Pleno se reunirá con carácter ordinario un mínimo dunha vez cada semestre e, con carácter extraordinario, cando o estime oportuno a Presidencia, ou a instancia dun terzo dos membros do Pleno do Consello.
- O Pleno quedará debidamente constituído en primeira convocatoria cando asistan ao menos a metade máis un dos seus membros con dereito a voto, e en segunda convocatoria, unha hora despois, calquera que sexa o número de asistentes, que en caso algún poderá ser inferior a tres. Será sempre necesaria a presenza da Presidencia e da Secretaría, ou de quen as substitúan.
- As decisións do Pleno do Consello se adoptarán por maioría simple dos membros con dereito a voto presentes. En caso de empate, o voto de calidade do/a Presidente/a ou persoa na que delegue terá carácter dirimente. No caso de solicitude de modificación deste Regulamento, será necesario o voto favorable de dous terzos dos seus membros.



- As convocatorias cursadas pola Secretaría, se realizarán cunha antelación mínima de sete días e as extraordinarias con corenta e oito horas de antelación, acompañadas da Orde do Día da sesión.
- Ás sesións do Pleno poderán asistir persoal técnico ou representantes de entidades relacionadas cos asuntos a tratar, con voz pero sen voto, previa autorización da Presidencia.
- As Comisións de Traballo se reunirán coa periodicidade que libremente decidan os membros que as compoñan.

### **Disposición adicional**

A aprobación, así como a modificación total ou parcial do presente Regulamento e a disolución do Consello Local da Igualdade corresponde ao Concello de Foz, mediante acordo Pleno.

### **Disposición final**

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O Alcalde-Presidente do Concello de Foz  
José María García Rivera  
20-02-2009